


LIDERA

REVISTA DE OPORTUNIDADES DE EMPREGO E
EMPREENDEMENTO XOVE TRANSFRONTERIZO



PRIMEIRA EDICIÓN
DO CURSO DE
AXENTES DE
COOPERACIÓN

COOPERACIÓN
GALICIA - NORTE DE
PORTUGAL

Nº2 - Decembro 2017



Decembro 2017

Nº2

- 3 Conferencia sobre
oportunidades de cooperación
- 4 Xornada de clausura da primeira
edición do Curso de Axentes de
Cooperación Transfronteiriza
- 5 Conclusións do curso
- 8 EMOTRAXE

A FGE organiza unha conferencia sobre as Oportunidades de Cooperación entre Galicia e o Norte de Portugal

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2017. A conferencia, unha acción de visibilidade desenvolvida por unha alumna do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza, explicará as oportunidades de cooperación entre Galicia e o Norte de Portugal no marco da cooperación transfronteiriza e o financiamento europeo.

MÉR
15
novembro
2017
19:00h
Salón de Graos
Facultade de Ciencias Políticas da USC

CONFERENCIA

OPORTUNIDADES DE COLABORACIÓN ENTRE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL: PASADO, PRESENTE E FUTURO

Manuel MANDIANES CASTRO
CSIC

Inês GUSMAN
ANTE (USC)

Rocío TOXO ASOREI
GCEIS (USC)

COLABORA:
Fundación GALICIA EUROPA
USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS

A conferencia tivo lugar o mércores 15 de novembro ás 19.00h no Salón de Graos, da facultade de ciencias políticas da Universidade de Santiago e participaron Manuel Madianes Castro, Inês Gusman e Asperxo Toxo Asorei.

O día 28 de novembro tivo lugar en Xinzo de Limia a xornada de clausura do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza



CURSO DE AXENTES
DE COOPERACIÓN
TRANSFRONTEIRIZA

Desenvolve as túas capacidades potenciando
o teu territorio con fondos europeos

16 Outubro - 28 Novembro
Xinzo de Limia (Ourense)
Proxecto "LIDERA"
www.fundaciongaliciaeuropa.eu

Organiza:  fundación GALICIA EUROPA

Colaboran:    

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017. O Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza, organizado polo proxecto europeo Lidera, finalizou cunha xornada de clausura en Xinzo de Limia o 28 de novembro. A xornada iniciouse pola mañá co “xogo do Emprendedor”. Xa pola tarde, os participantes presentaron ante o público asistente os proxectos de cooperación transfronteiriza que realizaron a través dun elevator pitch de máximo 3 minutos por participante, recibindo a continuación as respectivas valoracións. Ademais, fíxose entrega dos diplomas acreditativos de aproveitar a formación e sentaron as bases para futuras colaboracións e seguir avanzando na cooperación transfronteiriza.

Conclusións da primeira edición do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza

Metodoloxía do curso

A do curso foi unha formación eminentemente práctica, na que os asistentes lograron presentar en público candidaturas a proxectos de cooperación transfronteiriza elaborados por eles mesmos. Para logralo, previamente estiveron acompañados por profesores e titores especializados en cada unha das alternativas de financiamento presentadas. Estes explicáronlles como preparar excelentes candidaturas, facilitándolles o proceso.

Foron, por tanto, os alumnos os verdadeiros protagonistas do curso, tomando un papel moi activo en todo o proceso de aprendizaxe.

O curso axuntou a transmisión de contidos teóricos con accións moito máis dinámicas nas que os alumnos tiveron que afrontar diferentes desafíos a través de xogos didácticos, a preparación de documentos de candidatura, traballos en grupo ou exposicións en público, entre outros métodos de aprendizaxe.

Ao inscribirse, os participantes comprometéronse a participar no 100% das horas de traballo previstas no programa formativo. A asistencia foi obrigatoria para ter dereito a diploma de aproveitamento do curso.

Obxectivos do curso

Buscouse que os participantes alcansasen as seguintes metas:

- Coñecer cales son as distintas alternativas de cooperación transfronteiriza que financia a Comisión Europea.
- Practicar como elaborar candidaturas para os programas máis faciliten a cooperación transfronteiriza na zona.
- Coñecer a través de expertos en cada unha das opcións suxestións para redactar excelentes proxectos.

- Descubrir outras persoas e entidades con vontade de apostar pola creación de novos proxectos transfronteirizos.
- Crear redes de colaboración entre persoas interesadas na temática, así como con expertos na preparación deste tipo de proxectos.
- Realizar accións de difusión sobre o potencial do financiamento europeo para levar a cabo iniciativas conxuntas con outros países.

Formación realizada

No **BLOQUE 1** (descubrir as alternativas) achegáronselles aos alumnos ferramentas transversais para a elaboración de proxectos, así como coñecementos específicos sobre cada unha das alternativas presentadas. A transmisión de coñecementos foi altamente práctica, facilitada por profesionais con alta experiencia en cada un dos campos.

No **BLOQUE 2** (visibilidade da cooperación transfronteiriza) cada alumno desenvolveu unha iniciativa que difundiu as posibilidades deste tipo de financiamento ofrecido pola Unión Europea para axudar a borrar

para axudar a borrar as barreiras que historicamente creaban as fronteiras. Este bloque foi supervisado e titorizado por persoal cualificado, co fin de que a súa implantación fose adecuada.

No **BLOQUE 3** (elaboración de proxectos) cada participante elaborou unha candidatura a un dos programas presentados no bloque inicial. Fomentouse que a tipoloxía das propostas fose variada, tratando que escollesen entre o amplo abanico dispoñible. Cada alumno contou coa tutorización dun mentor especializado no tema, sendo na maioría dos casos o propio docente que explicou o programa no Bloque 1.

Por último desenvolvéronse os **BLOQUES 4 e 5** (intercambio de experiencias e clausura). Aproximadamente a metade da fase de elaboración de proxectos organizouse unha sesión presencial na que os alumnos explicaron as accións de visibilidade que levaran a cabo (elevator pitch de máximo 2 minutos por participante) e compartirán os avances nos seus respectivos proxectos, así como cales son os principais desafíos

aos que se enfrontan para desenvolverlos (elevator pitch de 3 minutos por participante). A continuación traballouse en equipo con metodoloxías de Design Thinking para idear solucións para tratar de superar os desafíos individuais. Con esta xornada buscouse promover un maior grao de colaboración entre os participantes, creando unha rede interactiva e proactiva que profundará no coñecemento de todos os proxectos e iniciativas.

Por último organizouse unha xornada de clausura. A mesma iniciárase pola mañá con “O xogo do Emprendedor”. Xa pola tarde, os participantes presentarán ante o público asistente as candidaturas e accións de difusión nas que estiveron traballando (elevator pitch de máximo 3 minutos por participante), recibindo as respectivas valoracións. Ademais, fíxose entrega dos diplomas acreditativos de aproveitar a formación e sentarán as bases para futuras colaboracións e seguir avanzando na cooperación transfronteiriza.

Conclusiones

Todos o profesorado valora moi positivamente tanto o esforzo como os resultados obtidos por cada un dos 15 alumnos e alumnas participantes neste curso formativo, logrando realizar con éxito tanto as actividades de difusión como os respectivos proxectos de candidatura aos programas europeos.

Creouse un excelente grupo humano motivado para axudarse entre si en desafíos actuais e futuros, quen continúa actualizando as diferentes accións de visibilidade que comezaron a realizar no Bloque 2 deste curso.

Ademais, son varios os contactos que os Axentes de Cooperación Transfronteiriza mantiveron con empresas e entidades públicas para establecer colaboracións onde aqueles poidan achegar os seus coñecementos e habilidades para o desenvolvemento de novas iniciativas financiadas con diferentes programas da Comisión Europea.

A Dirección Xeral de Xuventude pon en marcha EMOTRAXE, un encontro mostra transfronteiriza da mocidade emprendedora

- EMOTRAXE foi un espazo de encontro e de aprendizaxe para que a xuventude poda compartir experiencias e emocións á vez que amosar publicamente as súas vivencias de participación, compromiso social e de emprendemento
- Tivo lugar o sábado 16 de decembro no Auditorio de Ferrol



Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2017. A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, pon en marcha EMOTRAXE, unha actividade enmarcada no proxecto europeo LIDERA, ao abeiro do programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP). Este encontro, no que participaron preto de 225 persoas, forma parte da actividade "Emprende" dirixida a aquelas iniciativas, ideas, entidades que desexen iniciar unha nova liña de negocio, que contén con un grao de madurez suficiente co obxectivo de apoialas, afianzalas e acompañalas durante a súa posta en marcha.

Son socios do proxecto: a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, a Fundación Galicia Europa, a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, a Asociación Comercial de Emprendedores de Galicia (Ascega), o Instituto Portuguêz do Desporto e da Juventude (IPDJ), a Federação Nacional de Associações Juvenis Portuguesas (FNAJ) e a Comunidade Intermunicipal do Ave.

